




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Viveiro. Municipios: Viveiro e Xove. Parroquias: San Xiao de Faro e Santiago de Celeiro (Viveiro); San Pedro de Xuances e San Miguel da Rigueira (Xove).
Extensión: 5,41 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

É o principal seo sedimentario lateral da ría de Viveiro, grazas a unha fractura que configura un val aberto e disimétrico cara ao leste. A acumulación sedimentaria areosa é notable, cunha praia e un cordón dunar de notables dimensións. Polo norte pecha a depresión costeira unha liña montañosa de dirección NO-SE, mentres que polo sur, as elevacións seguen a dirección O-E. As vertentes que enlazan a cunca co peche montañoso presentan, ás veces, pendentes moi elevadas.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Tres especies rochosas repártense o substrato da unidade, condicionadas na súa distribución por unha falla transformante en dirección oeste-leste pola parte central do val litoral. Dous deses materiais son hercinianos: unhas granodioritas e tonalitas orientadas que ocupan unha banda curvada no norte da unidade que, dende o centro do val, sobe pola Fonte e alcanza os altos de Monte da Pena Tallada e Monte de Pena Grande para rematar no nordés, no lugar dos Loureiros; e uns granitos de dúas micas que abranguen unha franxa paralela á costa atravesando o complexo sedimentario costeiro, ademais de dous enclaves en Reboredo e Pereiraboa. Por último, unhas cuarcitas precámbricas ocupan o resto da área. Un pequeno dique de pegmatita coroa o monte O Castelo. A cobertura sedimentaria adquire tamén importancia ao sumar aos depósitos dunares e de praia as capas aluviais do fondo do val de Area.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Complexo sedimentario e val fluvial de dominio climático Cálido e Seco con temperaturas medias anuais superiores a 14°C e precipitacións entre 800 mm e 1000 mm. A cabeceira do val, entre os montes Pena do Golpe e Guilán, é máis húmida debido a un lixeiro incremento da pluviosidade anual que pode alcanzar os 1200 mm de media acumulada, polo que este sector se adscribe ao dominio climático Cálido-Subhúmido.

OS SOLOS

Complexo sedimentario propiamente dito formado por arenosoles álbicos e a súa variante máis evolucionada de arenosoles háplicos. A vertente mostra un dominio de solos máis ricos e profundos sobre materiais ácidos, do tipo cambisol dístico.


AS AUGAS

Unidade constituída pola cunca do Rego da Costa do Martelo que actúa como principal arteria fluvial e que desauga á masa de Augas Costeiras da Ría de Viveiro (20107), no extremo norte da praia da Area.

O PATRIMONIO NATURAL

Toda a liña de costa da unidade está protexida polo LIC Costa da Mariña Occidental. Trátase dunha unidade na que se sucede un sistema praia-duna cun pequeno tramo acantilado. Así, no caso deste segundo treito de costa, destaca o hábitat 1230 de acantilados atlánticos. Pero, realmente, a unidade vén definida polos seus hábitats dunares, do grupo 21, que se constitúen, xunto con algúns continentais, como os máis importantes da unidade. As masas boscosas teñen importancia nesta unidade, sumándose tanto os de recolonización a partir da estrutura parceira tradicional, como os de ribeira do Rego da Costa do Martelo e dalgúns áreas deprimidas no fondo do val e, como nota máis destacada, unha masa de frondosas autóctonas dunhas 9 ha incluíble nos hábitat 9230 e 9260 e que se sitúa na parte meridional do val tras o cordón dunar.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade presenta diferentes usos do solo segundo as características do relevo e dependendo da proximidade á costa. Nas zonas de pendentes máis acusadas, cara ao interior da unidade, apréciase unha hexemonía do uso forestal como consecuencia dos labores de repoboación, sendo este o uso predominante da unidade. A continuación, alí onde a cunca do Arroio de Costa de Martelo se fai máis ampla e se suaviza a pendente, aséntase o parcelario dedicado ao cultivo con importantes manchas de frondosas, asociadas en ocasións ao leito fluvial mencionado. Neste espazo atópanse os asentamentos existentes, observándose que aqueles de construción máis recente se localizan moi próximos á liña de costa. Cabe sinalar, por último, que no sector comprendido entre o Alto do Cruceiro ao leste, e a Pena do Golpe ao sur, localízase unha canteira a ceo aberto, dunhas 8 hectáreas de superficie para a extracción de granito.

MORFOLOXÍA

O sistema de asentamentos tradicional, caracterizado por unha localización próxima á ruptura de pendente cos relevos do nordés da unidade -Monte do Galán, Monte da Pena Tallada e Peñagrande- está configurado polas agrupacións da Aldea, Castelo, O Briero, O Cubelo, Reboredo, Augadoce (ao sudoeste, ao pé do Castelo) e Pereiraboa (ao leste da unidade). Este modelo de asentamento está a sufrir importantes transformacións como consecuencia dos novos crecementos espontáneos detectados nas proximidades da Praia de Area apoiados no trazado da estrada LU-143/LU-6606 que discorre paralela ao areal en cuestión. Este novo modelo organízase a partir da asociación de edificacións de carácter residencial que constitúen pequenas áreas, algunhas con carácter turístico, ou ben mediante unha tipoloxía de edificacións de carácter unifamiliar illadas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O sistema de comunicacións da unidade inclúe as dúas principais infraestruturas que estiveron presentes na comarca da Mariña e que de novo reaparecen para conectar o núcleo de Viveiro. Deste modo, a rede ferroviaria de FEVE e a estrada N-642 penetran dende o interior cara á costa directamente pola vertente norte do cordal conformado polo Alto do Cruceiro, As Lobeiras e O Castelo, ao sur da unidade. No norte, á altura de Castelo, a estrada LU-2610 pasa a denominarse LU-2608 e desenvolve un dobre trazado: o primeiro introdúcese cara ao interior para enlazar os asentamentos de Pena, Fontao, Os Loureiros -todos eles fóra da unidade polo E- e Pereiraboa antes de conectar coa mencionada N-642 na base do Alto do Cruceiro. O outro ramal da LU-2610 únese co trazado da LU-143/LU-2610 procedente do Penal, para dar lugar á LU-6606 que discorre lonxitudinalmente a liña de costa e ao redor da cal se estruturan os novos procesos de edificación descritos.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Destacan os seguintes elementos catalogados como patrimonio de interese cultural: o depósito arqueolóxico dun antigo taller-factoría ao norte da Praia de Area, unha serie de cruceiros privados en Augadoce, e A Area, así como a coñecida Cruz do Briero.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A pesar de que o uso forestal é o máis abundante no conxunto da unidade e da presenza de núcleos tradicionais vinculados ao espazo de cultivo, resulta evidente o proceso de transformación cara a un novo uso turístico/residencial do que está a ser obxecto esta unidade como consecuencia do poder de atracción que exerce a Praia da Area. O espazo de cultivo e a fachada litoral están a ser ocupados por novas edificacións que nuns casos son ampliación do uso residencial de Viveiro que persegue un espazo máis desafogado e de maior calidade, e outros, para un uso turístico en función das posibilidades que ofrece esta unidade con atractivos naturais e moi próxima ao centro urbano. En calquera caso, este crecemento que se canaliza a partir da mencionada estrada LU-6606 non constitúe unha trama cohesionada que permita o establecemento de relacións internas, máis ben ao contrario, obsérvanse procesos de crecements contemporáneos pero totalmente independentes entre si.

DINÁMICA DA PAISAXE**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Os elementos de maior valor ecolóxico que presenta a unidade son o sistema praia-duna da Area que está asociado á rede hidrográfica do Arroio de Costa de Martelo, ao cal se vinculan certas manchas de vexetación boscosa de auga doce de grande interese biolóxico, tal e como constata a súa catalogación no Inventario de humedais galegos que inclúe, ademais, as masas de auga que bañan a costa desta unidade como parte do sistema da Ría de Viveiro. O sistema praia-duna da Area forma parte integramente do LIC da Costa da Mariña Occidental, segundo a Directiva Hábitat e ZEPVN, segundo a Lei galega de espazos protexidos. Independentemente das figuras de protección establecidas, a maior parte da unidade aparece cuberta por unha densa mancha forestal que sen dúbida constitúe un fondo escénico de calidade, non só para esta unidade, senón para o conxunto da Ría de Viveiro da cal forma parte indiscutible. Este sector da costa, situado entre o prominente relevo do Monte Faro ao norte, e ao abeiro da Punta do Altar ao sur, constitúese como unha perfecta revolta onde contemplar e admirar a embocadura da Ría de Viveiro e sobre todo a súa fachada occidental, co relevo de Punta da Louseira situado xusto en fronte coas súas inaccesibles calas e o antigo cargadeiro de mineral avanzado cara ao mar.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos espontáneos entre o núcleo rural de Augadoce e o tramo da estrada C-642 que pasa próximo a este, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de novas vivendas unifamiliares na fronte costeira que impida a contemplación do horizonte desvalorizando a imaxe do conxunto, mellorar tanto no que se refire ás súas características ambientais como ás relativas á harmonía e calidade da paisaxe.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



